

O CAMBIO DINÁSTICO E A GUERRA DE SUCESIÓN
(causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht)

Información libro Baía Edicións: Apartado 2.1. Guerra de Sucesión e cambio dinástico. O sistema de Utrecht. Páxinas 136-137.

Posible resposta:

En 1700, Carlos II de Habsburgo morreu sen descendencia deixando como herdeiro da Coroa de España a Filipe de Borbón, neto de Luís XIV de Francia e emparentado por liña materna coa dinastía dos Habsburgo, producíndose así o **cambio dinástico** que non foi aceptado por todos os países europeos e orixinou un conflito bélico.

Guerra de Sucesión á Coroa de España. Tivo lugar entre 1702 e 1713.

-Causas da Guerra. O novo rei Filipe V foi aceptado e recoñecido como rei polas Cortes de Castela, Aragón, Cataluña, Sicilia, Nápoles e Milán, pero os Habsburgo de Austria non aceptaron que a Coroa de España pasase aos Borbóns e defendían o seu propio candidato, o arquiduque Carlos de Austria, fillo do emperador Leopoldo I. Ademais, a posibilidade da unión das Coroas de Francia e España e o papel prepotente e de control que desempeñaba Luís XIV, atemorizou os reinos europeos, que se uniron e iniciaron a guerra.

-Bandos en conflito. En 1701, formouse unha alianza antiborbónica entre Austria, Inglaterra e Holanda, á que logo se uniron Prusia, Portugal, Savoia e a maioría dos príncipes alemáns e italianos. Uns trataban de evitar a hexemonía borbónica e defender a candidatura ao trono de España do arquiduque Carlos de Austria. Outros buscaban a división das posesións españolas e obter vantaxes no seu comercio colonial.

A guerra foi tanto un conflito internacional como un conflito interno dentro da monarquía española. Os territorios da Coroa de Castela (incluídas as provincias vascas e o reino de Navarra) apoiaron a Filipe V. En cambio, os territorios da Coroa de Aragón (Cataluña, Aragón, Valencia e Baleares), despois de recoñecer a Filipe V, apostaron polo arquiduque Carlos de Austria, temerosos ante a política centralizadora que representaba a monarquía borbónica e partidarios da antiga monarquía pactista dos Habsburgo.

O enfrontamento estendeuse por toda Europa con vitorias e derrotas para os dous bandos, pero o inicio das conversacións para lograr a paz foi o cambio de posición das potencias europeas aliadas cando, pola morte do emperador austríaco en 1711, o arquiduque Carlos convertíase no herdeiro do Imperio. O perigo dunha hexemonía de Austria se Carlos cinguía, ademais, a Coroa española, era tan perigoso como a unión entre Francia e España.

Paz de Utrecht♦. Asinouse nos **Tratados de Utrecht** (1713) e de **Rastadt** (1714) nos que, co obxectivo de manter o equilibrio europeo, estableceuse: o recoñecemento de Filipe V de Borbón como rei de España, pero a cambio tivo que renunciar á Coroa de Francia e entregar os Países Baixos españois, Nápoles, Milán e Sardeña ao emperador de Austria, Sicilia ao rei de Piemonte, a colonia de Sacramento a Portugal, e Xibraltar e Menorca a Gran Bretaña que ademais obtiña importantes concesións comerciais (un navío de permiso para comerciar coa América hispánica e o asento de negros). A pesar de asinarse a paz internacional, a guerra continuou en España; as tropas de Filipe V conquistaron Barcelona o 11 de setembro de 1714 e Mallorca e Eivisa en 1715, concluíndo así o conflito.

OS DECRETOS DE NOVA PLANTA E OS SEUS EFECTOS

Información libro Baía Edicións: Apartado 2.1. Reforma da monarquía e centralismo político. Páxinas 138-139.

Posible resposta:

En 1700 o rei Filipe V de Borbón recibiu a coroa de España. Naqueles momentos estaba formada por un conglomerado de reinos, cada un dos cales tiña leis, foros e institucións diferentes. Na península o poder do rei era forte na Coroa de Castela, pero estaba suxeito a fortes limitacións na Coroa de Aragón.

Os Decretos de Nova Planta♦ forman parte do programa de reformas políticas e administrativas, inspiradas no modelo político francés, que o rei Filipe V introduciu desde o inicio do seu reinado co obxectivo de establecer maior grao de centralización do poder político e a unificación lexislativa e institucional no reino de España. Trátase dun conxunto de decretos asinados polo monarca durante a Guerra de Sucesión mediante os que quedaban abolidos os privilexios forais dos reinos da Coroa de Aragón, considerados como rebeldes por tomar partido por Carlos de Austria na Guerra. Filipe V, apoiado na forza militar das súas tropas e a medida que ía recuperando territorios, aboliu os privilexios de Aragón e Valencia (1707), Mallorca (1715), e Cataluña (1716), impondo as leis de Castela.

Os efectos dos Decretos de Nova Planta. Pola aplicación dos Decretos, os reinos da Coroa de Aragón perderon a súa autonomía política e institucional, sendo sometidos aos modelos casteláns. As súas institucións particulares (Cortes, Deputacións, Consellos, Generalitat) foron suprimidas, os vicerreis foron substituídos por capitáns xenerais, rebaixando así as súas atribucións, os concellos foron sometidos á autoridade dos correxedores e introducíronse os intendentes. Os seus tribunais xudiciais foron modificados mediante a creación de Audiencias en Zaragoza, Valencia, Mallorca e Barcelona a imitación das de Castela; e o dereito público que se vai a aplicar sería o de Castela (aínda que permanece o civil catalán). Ademais, o castelán substituíu ao catalán como lingua na Administración. Ao perder a súas Cortes e institucións perden tamén a capacidade que tiñan de limitar as exixencias do rei para cobrar novos tributos, quedando sometidos á lexislación tributaria castelá; así mesmo impónselles as quintas para o recrutamento de soldados, servizo do que estaban exentos.

No terreo económico en cambio saen favorecidos pois as aduanas interiores que existían entre os distintos reinos da Coroa de Aragón e Castela foron suprimidas; deste xeito os comerciantes cataláns poderán iniciar no século XVIII a súa expansión pola península contribuindo ao despegue económico de Cataluña.

Con estas medidas incrementouse o centralismo borbónico, cunha maior uniformización dos territorios, aínda que subsistiron numerosos particularismos políticos e xurisdicionais, caso de Navarra e as provincias vascas que mantiveron os seus privilexios forais e os seus réximes especiais (*provincias exentas*) en gran parte polo apoio prestado á causa borbónica durante a Guerra de Sucesión.

Historia de España. Tema 4. A Monarquía borbónica no Antigo Réxime. Pregunta ABAU Nº 16

O REFORMISMO BORBÓNICO EN GALICIA

(a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial)

Información libro Baía Edicións: Apartado 3.1. As realización dos Borbóns en Galicia. Páxinas 154-156.

Posible resposta:

No século XVIII, o reino de Galicia mantivo a súa importancia estratéxica como baluarte marítimo avanzado na defensa do imperio colonial americano, fronte ao paso das armadas inimigas, fundamentalmente inglesas. Ante esta situación, os Borbóns e os seus gobernos interviñeron en Galicia creando novas institucións (a Intendencia do Reino de Galicia, o Real Consulado) e servizos.

A matrícula do mar. Foi un sistema de recrutamento de tripulacións para os buques da Armada para garantir un persoal competente no seu manexo nun contexto de crecentes enfrontamentos navais polo control das rutas comerciais e das colonias. O sistema rexistraba a todas as persoas dedicadas ao mar indicando a clase á que pertencían (mariñeiro, artilleiro, grumete...) para coñecer as súas habilidades. Os matriculados quedaban libres de quintas e de impostos municipais, pero podían ser chamados ao servizo da Armada ata cumprir 60 anos. A primeira matrícula do mar foi a establecida en 1626 por Filipe IV de Habsburgo, pero non funcionou ben ata a posta en marcha das reformas borbónicas. En 1714 Filipe V de Borbón creou a Real Armada unificando as numerosas armadas da época dos Austrias e os seus mandos e en 1726 estableceu a división das costas españolas en tres departamentos marítimos (Ferrol, Cádiz, Cartaxena), así como as directrices dos comisarios de Mariña para o rexistro da xente do mar, medidas consolidadas en 1751. A extensión do litoral de Galicia e o elevado número de xentes relacionadas cos traballos do mar fixo que na segunda metade do século XVIII a rexión rexistrase a cuarta parte da matrícula humana das flotas españolas.

O arsenal de Ferrol. Galicia, pola súa situación xeoestratéxica, converteuse para os Borbóns no lugar onde recibir ou rexeitar as frota estranxeiras -especialmente as inglesas- que se dirixían a saquear as cidades costeiras españolas ou a capturar os barcos cargados de mercadorías procedentes de América. Ante esta situación, a meirande parte da costa galega foi reforzada con numerosas baterías e castelos. En 1726 Xosé Patiño, ministro de Filipe V, decidiu establecer en Ferrol a sede do Departamento Marítimo do Norte e unha das bases das Armadas reais. A partir de 1746, co marqués da Ensenada, ministro de Fernando VI, iniciouse a construción dos modernos estaleiros e arsenal que converteron a Ferrol na principal cidade de Galicia e en obxecto de admiración polos estranxeiros. Para a formación dos mandos militares da Armada creouse, en 1776, a Academia de Gardamariñas. A chegada masiva de xente obrigou a engadir ao núcleo orixinario, o Ferrol vello, os novos barrios de Esteiro, para acoller aos traballadores, e o da Magdalena, ocupado principalmente polos oficiais da Armada; no seu deseño seguíronse trazados urbanísticos a base de cuadrículas (plano hipodámico) moi do gusto dos arquitectos ilustrados.

A apertura do comercio colonial. A eliminación do monopolio do comercio colonial exercido por Sevilla-Cádiz favoreceu a Galicia, especialmente á Coruña. En 1764, o goberno de Carlos III estableceu nesa cidade o Servizo de Correos Marítimos, unha compañía estatal de buques encargada de levar a correspondencia ao porto da Habana e (desde 1767) a Bos Aires, e que tamén podía transportar persoas e mercadorías, agás nos períodos bélicos nos que se transformaban en navíos de guerra. En 1765 o porto da Coruña foi autorizado para comerciar directamente con América. Ambas concesións contribuíron a favorecer o crecemento comercial e a renovación urbanística e portuaria da cidade (destacando a restauración da Torre de Hércules en 1791).

AS IDEAS FUNDAMENTAIS DO PENSAMENTO ILUSTRADO

Información libro Baía Edicións: Apartado 2.3. Carlos III e o reformismo ilustrado. Páxinas 142-149. Apartado 4. A Ilustración en Galicia. Páxinas 158-161.

Posible resposta:

A Ilustración foi un movemento cultural e ideolóxico característico da Europa do século XVIII que defendía tanto a capacidade da razón humana para descubrir a verdade e as leis da natureza, como a necesidade de propoñer e realizar reformas co obxectivo de incrementar o benestar material do país, mellorar a sociedade e alcanzar a felicidade persoal.

Tanto en España como en Galicia, as novas ideas da Ilustración tiveron un desenvolvemento tardío. Na súa concreción pódense distinguir dúas etapas. A primeira, durante os reinados de Filipe V (1700-46) e de Fernando VI (1746-59), denominada de protoilustración, estivo encabezada polos chamados proxectistas (por elaborar proxectos para o goberno) e os anovadores ou *novatores* (por querer innovar no pensamento e na ciencia) entre os que destacaron Feixoo e Mayáns. A segunda, plenamente ilustrada e de apoxeo, desenvolveuse durante o reinado de Carlos III (1759-88) e nela que destacaron os ilustrados Campomanes, Floridablanca, Olavide...; en Galicia cómpre destacar a Xosé Cornide.

Estas ideas ilustradas foron aceptadas e promovidas por unha minoría culta formada por nobres, clérigos, oficiais da Administración e burgueses que tiveron unha enorme influencia política. En liñas xerais, o seu pensamento e as súas propostas caracterizáronse pola moderación reformista, tentando compaxinar a crítica e a renovación co pragmatismo e o mantemento da orde socio-política establecida; só uns poucos foron evolucionando cara a posicións máis radicais preliberais.

En síntese o seu pensamento caracterizouse por:

-A crítica á realidade vixente, á ignorancia e á falta de cultura, ao atraso técnico e económico, aos prexuízos sociais e aos abusos dos poderosos.

-O fomento da educación e da renovación científica (*as ciencias útiles*) para superar o atraso existente e modernizar España. Estes ideais concretaríanse na fundación de escolas técnicas (como a Escola de Náutica e a de Comercio na Coruña) e na creación das Academias (da Lingua, Medicina, Historia, Belas Artes...).

-O predominio das preocupacións económicas, tentando fomentar e mellorar, con numerosos proxectos e reformas, todos os sectores produtivos (en especial o artesanal e comercial) co obxectivo de incrementar a riqueza do reino e o benestar e a felicidade da poboación. Co propósito de contribuír á difusión dos avances científicos e técnicos e de potenciar a economía dunha determinada zona ou rexión crearon as Sociedades Económicas de Amigos do País (a primeira foi a Real Sociedade Bascongada fundada en 1765); en Galicia destacou o Real Consulado da Coruña (1785). Tamén a prensa (como *El Censor* e *El Pensador*) contribuíron á divulgación destas ideas e proxectos.

-O recurso ao poder do rei para alcanzar as reformas pretendidas e afastar tanto os atrancos existentes como a oposición dos sectores tradicionalistas, maioritarios na Igrexa e na sociedade. Por iso defenderon unha nova concepción do poder coñecida como **despotismo ilustrado**: os monarcas debían exercer un poder absoluto, pero este debía empregarse, impulsando e encabezando as reformas o propio rei, en lograr aumentar a riqueza e o benestar (resumido no lema: *todo para o pobo pero sen o pobo*). Este apoio ao poder real fixo que moitos ilustrados formasen parte dos gobernos, en especial durante o reinado de Carlos III (Ensenada, Aranda...).